

ENCrucillada As organizacións ecoloxistas chaman a tomar medidas efectivas contra o cambio de clima e a implicar os cidadáns nesa loita

A natureza e a ética

Miles de persoas súmanse ás manifestacións que reclaman unha nova cultura do medio

maré • Santiago

As organizacións ecoloxistas aproveitaron a celebración do Día da Terra para denunciar que España é o país da Unión Europea que máis se afasta do cumprimento dos obxectivos do Protocolo de Kioto e que as emisións superan en cerca do 50 por cento as do ano 1990. Os ecoloxistas desenvolveron onte numerosas actividades para esixirles aos gobernos medidas urxentes e eficaces contra o cambio climático e para tratar de implicar os cidadáns nesa loita. Os actos culminaron coas manifestacións en moitas cidades co lema "Fronte ó cambio climático, menos dióxido de carbono".

Greenpeace, por exemplo, fixo un chamamento para participar nunha "revolución renovable" que promova as enerxías alternativas, unha fonte que, segundo a organización, podería satisfacer, no ano 2050, o cento por cento da demanda enerxética española. En Madrid, esta organización inaugurou o Túnel do Tempo, que desprazará a outras dezaseis cidades, entre elas A Coruña o trinta de xuño e o un de xullo.

O secretario confederal de Medio Ambiente de CCOO, Joaquín Neto, incidiu na urxencia e na importancia de incorporar medidas eficaces para combater o cambio climático, e defendeu que se modifique o borrador da Estratexia Nacional contra o Cambio Climático para que incorpore medidas lexislativas sobre o transporte, o uso da enerxía e a fiscalidade.

A conmemoración do Día da Terra foi tamén utilizada pola organización Proxecto Gran Simio para reclamarlle á Unesco e á comunidade internacional que as selvas tropicais sexan declaradas Patrimonio da Biodiversidade.

Á celebración sumáronse ademais numerosas empresas privadas, como a canle de televisión National Geographic Channel, que programou para hoxe un "maratón" de doce horas de documentais de contido ecoloxista. A cadea cedeu imaxes de varios dos seus documentais para a elaboración do vídeo *Mama Terra* de Macaco, no que participaron un bo número de artistas como Julieta Venegas, Estopa, Fito, Eva H, Luís Tosar ou Bebe.

O buscador Yahoo, pola súa banda, puxo en marcha en España un portal "solidario" –xa activo en Francia, Italia, Xapón, Estados Unidos e Reino Unido– para tratar de atraer os internautas interesados e implicados na defensa do Medio Ambiente. ●



Greenpeace celebrou onte diversos actos para chamar a atención sobre o cambio de clima.

CONTROL DE EMISIÓN

Corenta medidas para o aforro

Tapar as potas ao cocinar, consumir menos carne (polo elevado volume de recursos e a emisión de metano que supón) ou apagar completamente televisores, vídeos ou PC cando non se utilicen, son algunhas das 40 medidas prácticas propostas por Greenpeace para loitar contra o cambio climático. Estas medidas están recollidas nun folleto, que enumera as formas máis ecolóxicas de actuar no fogar, na cocifa, no baño, ao quentar ou en-

friar as casas e lugares de traballo, desprazarse e realizar numerosos hábitos cotiáns de consumo, co fin de evitar maigastes innecesarios e usar a enerxía de forma máis racional e eficiente, contribuíndo directamente á redución de emisións de CO₂.

O fin desta campaña é facerlles chegar a toda a sociedade en xeral, e en particular ós responsables de tomar decisións sobre política enerxética, a información necesaria pa-

ra asumir que un modelo enerxético limpo é posible, así como facilitar ferramentas que lles permitan ós cidadáns tomar conciencia e actuar ante o cambio climático.

"Chegou o momento de actuar fronte ó cambio climático. Unha vez demostramos que a solución renovable é factible, é hora de poñer en marcha a revolución renovable para esixir a fin da enerxía sucia", sinala o responsable da campaña, José Luís García Ortega.

GALICIA

Setenta especies na corda frouxa

O catálogo de especies en extinción, presentado o venres por Medio Ambiente, subliña que en Galicia hai 25 animais nesa situación, entre eles o cabaliño do demo e o sapoconcho. Tamén hai 49 especies vexetais en perigo.

Cara a un horizonte negro

O cambio de clima afectará especialmente a Galicia, modificando o seu contexto vexetal e animal. Entre os prognósticos, figura a extinción practicamente total dos anfibios e de boa parte das especies vexetais características do país.

Unha paisaxe desoladora

A temperatura en Galicia podería subir até cinco graos na fin deste século, cunha pronunciada mingua do réxime pluviométrico, que deixaría as comarcas do interior cun clima semellante ao norte de África.

○ PULMÓN VERDE

■ Bosques, augas e etrias, en perigo

Diminúe na Amazonia a deforestación pero a ameaza continúa

A pesar de que Brasil reduciu nun 50 por cento o ritmo de deforestación na Amazonia, o maior pulmón verde do planeta continúa ameazado e algunhas voces alertan de que a metade dos seus bosques poderían desaparecer para o ano 2050.

Os case sete millóns de quilómetros cadrados que abarca a exuberante Amazonia concentran o 60 por cento de todas as formas de vida do planeta: 60.000 especies de plantas superiores, 2,5 millóns de especies de insectos, 2.000 de peixes, 950 de aves e 200 de mamíferos.

Tamén atesoura cerca do vinte por cento das reservas de auga doce do planeta, que tamén están baixo ameaza. Os ríos amazónicos sofren, en moitos tramos, fortes niveis de contaminación por causa, entre outras cousas, do mercurio usado por mineiros ilegais que se gañan a vida extraendo ouro e diversas riquezas minerais.

No caso dos indios, habitantes primixenios da área, as ameazas proveñen de flancos diversos, desde os laboratorios multinacionais que se apropiaron dos seus coñecementos, rexistran as patentes e se "aproprian" así as súas medicinas e das plantas que usan para elaboralas até os plans de desenvolvemento sustentable do goberno de Luiz Inácio Lula da Silva, que, en opinión dos propios indios e de grupos ecoloxistas, poden alterar aínda máis o xa fráxil ecosistema da rexión. ● EFE

DATOS DA ONU

■ Presión sobre os recursos do planeta

A poboación mundial chegará aos 9.200 millóns

O mundo rexistrará unha explosión demográfica nas próximas décadas polo aumento da esperanza de vida, o que afectará ó desenvolvemento económico e exercerá unha forte presión sobre os recursos do planeta. A poboación mundial, segundo a ONU, pasará dos actuais 6.700 millóns a 9.200 millóns a mediados deste século. ● EFE